COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Caderno de ruta da intervención

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

PRESENTACIÓN

Desde o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias deseñamos este **Caderno de Ruta da Intervención GIPCE** coa intención de facer propostas de actuación ante as diferentes situacións das nosas intervencións como GIPCEs.

Recorda que desde o Grupo de Apoio a Intervinientes, o GAI, estamos ao teu carón.

Podes contar con nós ante calquera inquedanza tras a túa experiencia na intervención.

Contacta con nós en gai@copgalicia.gal

OS VALORES DO GIPCE

Profesionalidade

Unidade

Ecuanimidade

Compromiso

Eficiencia

ACTUACIÓNS PREVIAS

Confirmar dispoñibilidade inmediata cando non é posible.

En ocasións, cando confirmamos dispoñibilidade, facémolo crendo que teremos un tempo para deixar o que estamos facendo e preparar a intervención, pero non sempre é así.

Toma un minuto para visualizar o que necesitas organizar antes de intervir. Informa da túa dispoñibilidade real en función do tempo que precises para organizar a túa situación actual.

ACTUACIÓNS PREVIAS

Sobreexposición ás noticias previa e durante a intervención.

En emerxencias mediáticas pode que a información recibida desde a prensa se contradiga coa que temos para a intervención, ou que nos predispoñan a interpretar as causas da emerxencia. Non xulgues a situación. Ten presente que a nosa neutralidade na intervención forma parte da nosa profesionalidade.

Céntrate na información que recibiches da xefa de garda, se precisas máis datos ou aclarar dúbidas, pídello a ela.

Recolle a información necesaria no propio lugar de intervención, e coas propias persoas afectadas.

ACTUACIÓNS PREVIAS

Asistir a unha intervención sen preparar o material.

En ocasións saímos coa mochila preparada coa identificación e o chaleco, sen pensar en que non podemos saber o tempo que estaremos intervindo.

Toma un tempo para engadir entre o teu material auga, algo de comida, crema solar, a medicación que esteas a tomar, o cargador do móbil, algo de abrigo, un paraugas... (se procede).

Se é moi lonxe da túa zona de residencia, comproba a climatoloxía.

Podes ter preparada de antemán unha lista persoalizada coas túas cousas imprescindibles.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Intervencións mediáticas con presencia de prensa

Nas intervencións que son cubertas pola prensa, é posible que os/as xornalistas queiran recibir información da nosa parte.

Deriva á coordinadora ou á responsable de prensa do COPG, elas informan no caso de que proceda.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa Espiñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
A Coruña

981 534 049 | www.copgalicia.gal
copgalicia@copgalicia.gal

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

DURANTE A INTERVENCIÓN

Dúbidas sobre como identificarnos visualmente de maneira apropiada.

Valorade entre os/as intervinientes que elementos identificativos son máis convenientes nesa circunstancia.

Tanto o uso do chaleco como o do carnet identificativo será consensuado para unha visibilidade unificada.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Problemas coa tecnoloxía.

Lembra que o 112 sempre ten comunicación aínda que non haxa cobertura.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Canles de comunicación.

En ocasións, polo inmediato das comunicacións, pode que outros axentes de emerxencias ou persoas afectadas queiran darnos o seu teléfono.

Lembra que todas as chamadas se farán a través do 112 e que estas son gravadas cumprindo a lexislación de protección de datos.

Para o traslado de información entre os propios intervinientes, deberase usar o grupo de whatsapp creado para tal intervención coa xefa de garda.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Traballo en equipo.

Ás veces, ao intervir en parella, pode que cada GIPCE teña distintas tarefas, e incluso que nun longo tempo non se vexan.

É importante manterse en contacto, avisar o/a compañeiro/a de onde imos intervir, ou se cambias de lugar. Informar de con que persoas interviñemos cada un.

En caso de que cambiemos de lugar de intervención, debemos informar á persoa responsable da garda para que o comunique ao 112.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Comentarios e expresións persoais no contexto da intervención.

En ocasións é necesario liberar tensións, soltar unha risa co/a compañeiro/a, a pena ou rabia.

É importante escoller o lugar onde a nosa comunicación sexa propia e non captada por outras persoas.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Un compañeiro fai algo distinto ao que consideras que se debería facer.

Prioriza o benestar da persoa coa que intervés, e confía no/a teu/túa compañeiro/a.

Crear unha discusión pode xerar máis malestar na persoa afectada.

Logo podes preguntar cal era a súa hipótese e falar diso.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Intervencións dilatadas máis do necesario.

En ocasións, as persoas afectadas non queren que nos vaiamos. Redirixe a conversa e deixa un peche claro.

Contacta coa xefa de garda, valorade en conxunto sobre a necesidade de seguir ou non.

Centra a atención na intervención, non en problemas anteriores ou en conflitos que perdurarán.

A nosa intervención contribúe a restituír as redes de apoio e ferramentas persoais, confía nelas.

DURANTE A INTERVENCIÓN

Como despedirme.

Deixa claro ás persoas afectadas que a nosa intervención dura o tempo que dura a emerxencia, a partir de aí, durante esas 48-72 horas, poderán contactar co GIPCE a través do 112. Unha vez pasado ese tempo e para posterior seguimiento ou necesidade de atención, deberán acudir aos recursos normalizados (atención primaria, servizos sociais, saude mental...)

Actuaremos sempre como integrantes do GIPCE. Nunca daremos o noso contacto persoal ou profesional.

POST-INTERVENCIÓN

Se o/a compañeiro/a salta o código ético, ou o Regulamento de Réxime Interno do GIPCE.

Respecta sempre o Regulamento de Réxime Interno, se tes coñecemento de que algún/ha compañeiro/a o salte, coméntalle o que ti percibes e informa á xefa de garda unha vez pechada a intervención.

POST-INTERVENCIÓN

Sentirnos acompañados e ternos mutuamente en conta.

Tras a intervención, informa o/a teu/túa compañeiro/a de que chegaches á casa.

Poñede en valor o traballo compartido.